

Os últimos atlantes

María Xesús Nogueira

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

NOGUEIRA, MARÍA XESÚS (2011 [2008]). “Os últimos atlantes”. *A Nosa Terra*: 1013 (11/6/2008), 34. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/61>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

NOGUEIRA, MARÍA XESÚS (2008). “Os últimos atlantes”. *A Nosa Terra*: 1013 (11/6/2008), 34.

* Edición dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

OS ÚLTIMOS ATLANTES

[RECENSIÓN DO LIBRO DE ALBERTO LEMA *PLAN DE FUGA*, 2008]

María Xesús Nogueira

Nuns tempos nos que se está a debater o futuro do libro en formato tradicional, (sentenciado xa á desaparición por algúns) e a viabilidade dos soportes dixitais, aparece no contexto galego unha nova plataforma editorial que inicia a súa aventura coa publicación dun libro de poesía. Estaleiro Editora, que se define como un proxecto autoxestionado de carácter assembleario, intervén neste debate cunha solución de compromiso consistente publicación a un tempo dunha reducida tiraxe de libros e a posibilidade de descargar o poemario de balde na rede. A gratuidade do produto na súa versión dixital e o baixo custo da edición en papel (ambas as dúas distribuídas con licenza Creative Commons) desvinculan a editora das servidumes do mercado, o que constitúe unha oportunidade para asumir un maior risco.

Na súa primeira entrega, Estaleiro escolle a *opera prima* de Alberto Lema (Vimianzo, 1975), autor cuxa biografía é presentada en termos irónicos na cuberta (“na era post-prestige e plan Galicia que estás en los cielos, emigrou Canarias cumprindo co destino familiar e nacional”) e que nestes días está novamente nos andeis das librarías coa novela *Unha puta percorre europa*. O poemario está precedido por un limiar de María do Cebreiro, no que atopamos moitos trazos da súa prosa en aparencia –só– brincadeira e un tanto provocadora.

Se unha das expectativas dunha editora destas características é facer posíbel que vexan a luz obras menos convencionais, tal obxectivo semella cumprido nesta primeira entrega, pois *Plan de fuga* amosa unha concepción poética orixinal baseada na ficción e na alegoría, tal como se anuncia xa nos primeiros versos: “Tratarei de non ser claro / falarei da derrota como se lle pasase / a outro hai moito tempo”.

O autor combina elementos descontextualizados de diferentes períodos históricos (Grecia Antiga, Roma, a China de Wen-Tzu ou a sociedade actual) e rexistros (a crónica, o monólogo ou a épica) para construír unha ficción que ten como un dos motores principais a reescritura do mito da Altántida. A dimensión alegórica dalgúns elementos ficcionais suxire unha lectura claramente política: o Outro Lado, a Escola Superior de Autómatas, Never More, o Único Mundo Posible ou o Espelliño Máxico que “foi torturado / até que confesou que este é o mellor / dos sistemas posibles en horario / de máxima audiencia”. A ironía está presente ao longo de todo o libro e resulta especialmente visíbel na denuncia da mediocridade representada polo Señor López: “os días que non viviches / escribirán o teu epitafio, Señor López”.

Outro dos elementos que destacan no libro de Alberto Lema é a utilización irónica e subversiva do culturalismo, que leva á reescritura de mitos (“Ítaca é un inferno”, “antes do comezo, / cando o espazo e o tempo eran aínda dous rapaces / a gatear curiosos polos

corredores da nada”) e á presenza de personaxes como o mencionado Wen-Tzu, Lucrecio ou os convocados nos seguintes versos: “e repatriaron os rebeldes, / regresaron Sittin’Bull, Peter Pan e Paul Lafargue, / e un mencer que sobrevivirá á gran matanza, / e os bárbaros de Kavafis ouveando polos bares”.

Plan de fuga é unha ficción histórica construída con retallos de relatos dunha clara dimensión alegórica que nos achega á crónica dos *lexítimos herdeiros dos últimos vencidos* que, na última noite na Atlántida, soñan con “ver caer os muros de McDonald’s” e ver “a lenta ferruxe / chantar os dentes no corazón de ferro de occidente”.